



ROGO SOBRE A POSTA EN SERVIZO DUN ASEO PÚBLICO ADAPTADO NO ÁMBITO DA ALAMEDA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través de diversas iniciativas, o Grupo Municipal Popular tense interesado pola posta en servizo de catro quioscos públicos, ofertados en concesión no seu día pero que desde hai moitos meses se manteñen sen actividade e cada paso cun aspecto máis abandonado, a pesar de estar situados en zonas de gran tránsito e, polo tanto, de gran visibilidade.

Alén dos aspectos relacionados coa mellora da calidade ambiental e das súas posibilidades para servir de soporte a actividades mercantís, turísticas ou culturais, hai un factor non menos destacado que aconsella que o Goberno lle dedique un maior empeño a resolver a situación de abandono pola que atravesan estas instalacións: a existencia dun aseo adaptado a persoas con diversidade funcional que se integra no propio quiosco, un servizo que pode ser de gran utilidade, sempre e cando se atope operativo.

A presenza dun dese quioscos públicos dotado dese servizo no ámbito da Alameda, onde existen aseos públicos pero ningún habilitado para persoas con diversidade funcional, e a inminente celebración das Festas da Ascensión, que tradicionalmente teñen na Alameda o centro neuráxico da maior parte das actividades e atraccións, son circunstancias que motivan a presentación do seguinte **ROGO**:

Que por parte do Goberno Municipal se proceda, coa maior celeridade posible, a articular unha medida de urxencia que permita a posta en servizo do aseo público adaptado con que conta o quiosco municipal que se atopa sen actividade na Alameda, coa finalidade de que poida estar operativo, cando menos, durante as Festas da Ascensión, ofrecendo así un servizo necesario e alternativo para a veciñanza e visitantes.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017.

María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular